



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

## **REGULAMENTO DO MERCADO DE GANDO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

Aprobado por acordo plenario do 29 de xaneiro de 2006.  
Publicado no BOP de A Coruña do 6 de setembro de 2006.

### **TÍTULO I**

#### **DISPOSICIÓN XERAIS**

##### **Artigo 1º. Ámbito de aplicación**

Este regulamento ten por obxecto regular a organización e funcionamento do Mercado de Gando de Santiago de Compostela.

Estas normas serán tamén de aplicación, con carácter supletorio, respecto a aquelas que regulen actividades ou servizos que se desenvolvan ou presten nas instalacións dos mercados de gando que pertencen a ASEMGA, cando sexan distintos aos específicos do mercado gandeiro.

##### **Artigo 2º. Obxectivos**

1. O Mercado de Gando de Santiago de Compostela (en adiante mercado de gando) configúrase como servizo público cos fins seguintes:

a) Facilitar aos gandeiros, operadores comerciais, intermediarios e demais persoas relacionadas co sector pecuario as operacións comerciais coa máxima axilidade e transparencia e co mínimo risco.

b) Procurar que os prezos do gando se formen polo normal equilibrio entre a oferta e a demanda.

c) Promover o desenvolvemento de novas formas de comercio de gando que permitan transaccións máis cómodas e rápidas co fin de se axustar ás necesidades do sector.

d) Ofrecer aos usuarios instalacións hixiénicas e adecuadas para a estadia do seu gando durante o transcurso das operacións de manexo e comercio deste no recinto.

e) Facilitar a información comercial, especialmente no referente a concorrencia, tendencias e prezos, a todos os sectores interesados, tanto na área de influencia dos mercados de gando como do resto da respectiva comunidade autónoma, do Estado e da Unión Europea.

f) Garantir a correcta identificación, trazabilidade e control sanitario dos animais concorrentes aos respectivos mercados de gando, asegurando o exacto cumprimento da lexislación vixente en materia de benestar animal.

g) Garantir o cumprimento da lexislación vixente en materia de benestar animal. Para iso, ademais das instalacións fundamentais establecidas pola lexislación vixente para os mercados de gando ou centros de concentración, segundo o seu rango ou categoría, deberán contar con:

- Instalacións diferenciadas de entrada e saída.
- Superficie urbanizada e valada en función da concorrencia prevista.
- Aparcadoiros para camións e turismos.
- Plataformas de descarga e carga de animais.
- Gaiolas, amarres e cubículos que garantan o benestar dos animais.
- Estación de desencamado, lavado, desinfección e encamado de vehículos de gando.
- Lazaretos para illamento de enfermos, sospeitosos ou non identificados.
- Megafonía e zonas administrativas.
- Servizos veterinarios, prestados pola administración competente.
- Infraestrutura que permita a inspección veterinaria.
- Medios humanos e materiais necesarios para colaborar eficazmente nas funcións dos servizos veterinarios oficiais asignados.
- Mesa de prezos e servizo comercial.
- Salas de pagamentos.
- Zona para comercialización de produtos agropecuarios.

2. No mercado de gando desenvolveranse os usos principais, os complementarios e os compatíbeis ou autorizábeis, e non se permitirá neles usos incompatíbeis ou prohibidos.

Considéranse usos principais a concentración e exposición de animais de carácter comercial, de todas as especies de gando nos mercados de carácter polivalente. Considérase, así mesmo, uso principal as operacións de compravenda de gando nos mercados específicos así como os concursos, exposicións e poxas de gando selecto.

Considéranse usos complementarios os que se establecen para atender as necesidades dos usuarios dos usos principais, en orde á súa comodidade, tales como asociacións relacionadas co sector (asociacións de gandeiros, transportistas de gando, operadores comerciais, etc.), entidades bancarias, servizos das respectivas comunidades autónomas como os servizos veterinarios oficiais, restaurantes, cafeterías, etc.

Son usos compatíbeis ou autorizábeis calquera outros que, sen se opor á normativa vixente, poidan desenvolverse sen que impidan ou obstaculicen os usos principais.

Son usos prohibidos os que, polas súas características e as propias do recinto, puidesen entrañar especial risco de índole sanitaria ou que impidan ou obstaculicen os usos principais.

### **Artigo 3º. Carácter supletorio**

No non previsto na lexislación do Estado e na da comunidade autónoma correspondente en materia de ordenación da oferta, produción animal, sanidade animal e feiras interiores, estarase ao disposto neste regulamento, respectando, en calquera caso, a normativa ditada pola Unión Europea nesta materia.

## **TÍTULO II**

### **DOS SERVIZOS QUE SE PRESTAN NO MERCADO DE GANDO**

#### **Artigo 4º. Obxecto**

O mercado de gando , en xeral, abrangue todos as especies gandeiras susceptíbeis de exposición no seu recinto e os produtos que sexan compatíbeis coa comercialización do gando vivo e coa propia natureza e configuración das instalacións.

#### **Artigo 5º. Servizos fundamentais**

1. Os servizos fundamentais do mercado de gando serán:

- a) A recepción e expedición de gando.
- b) A estadia, alimentación e exposición de gando
- c) A promoción de operacións de compravenda (poxas, etc.), en colaboración, se é o caso, coa Administración do Estado ou da comunidade autónoma respectiva
- d) A recollida dos prezos do gando e a súa publicidade e a difusión da información gandeiro-comercial que neles se xere.
- e) A información, inspección e atención sanitaria e clínica do gando.
- f) O desencamado, limpeza, desinfección e encamado de vehículos destinados ao transporte de animais.
- g) Facilitar a inspección e atención sanitaria do gando por parte dos técnicos responsábeis da comunidade autónoma.
- h) Aqueles que contribúan directa ou indirectamente á mellor comercialización do gando.

2. As instalacións dos mercados de gando poderán ser destinadas, así mesmo, a outras actividades e poderán prestarse nelas outros servizos relacionados ou non co sector e en prol dun racional aproveitamento das instalacións.

3. Dentro das instalacións do mercado destinadas a prazas de gando vacún poderanse reservar espazos para situar nelas gando selecto con carta xenealóxica, con preferencia para as razas autóctonas e na dimensión que se determine oportunamente.

#### **Artigo 6º. Calendario e horarios**

1. O calendario de celebración de mercados será proposto pola administración titular do mercado de gando á comunidade autonómica correspondente, segundo a normativa vixente.

Para a confección do calendario de cada un dos mercados debe terse en conta a influencia comercial directa de cada un respecto aos outros, informando da proposta á Asociación Española de Mercados de Gando (ASEMGA)

2. Todos os horarios que rexan o funcionamento do mercado serán establecidos pola administración que sexa a súa titular, que os deberá comunicar á Administración autonómica e expoñer nas instalacións en lugares visíbeis para coñecemento de todos os usuarios, sen prexuízo da súa obrigada comunicación á Asociación Española de Mercados de Gando.

## **CAPÍTULO I**

### **DA RECEPCIÓN E EXPEDICIÓN DE GANDO**

#### **Artigo 7º. Acceso e circulación de vehículos**

1. Todos os vehículos que accedan ao recinto deberán aboar nos despachos de billetes correspondentes os prezos que se establezan nos respectivos mercados de gando, por entrada de vehículos destinados ao transporte de gando, segundo a tonelaxe e o tipo, vehículos expositores de maquinaria, palla e forraxe, vehículos de transporte de usuarios e visitantes (autobuses, turismos, motos e bicicletas), por entrada de gando, por estadía de reses en lazaretos, por venda de palla e forraxe ou outros, así como polo lavado e desinfección de vehículos.

Nos accesos procederase ao rexistro informático da matrícula do vehículo, categoría, número de rexistro, titular e condutor, quedando estes datos almacenados no soporte informático dos respectivos mercados e rexistrados en soporte papel.

2. Os turismos autorizados, unha vez no recinto, accederán directamente ao aparcadoiro destinado a eles.

Os vehículos destinados ao transporte de gando, unha vez presentada a documentación necesaria (autorizacións de traslado, pagamento de taxas, etc.), poderán pasar ás plataformas de descarga para, unha vez finalizada esta, seren retirados para deixar espazo libre aos que accedan posteriormente.

Da plataforma de descarga pasarán á área de desencamado, limpeza e desinfección de vehículos.

3. Para o paso ás plataformas de carga ou para o abandono definitivo do recinto, con ou sen gando, deberán presentar no despacho de billetes da saída a certificación acreditativa de ter efectuada a desinfección.

4. Excepcionalmente, prevese a figura do vehículo en tránsito, que sería aquel que efectúa diversas saídas con obxecto de realizar novos transportes de gando. A este vehículo facilitaráselle, na cabina de saída, unha credencial que lle permita retornar sen o pagamento de novas taxas por entradas de vehículos.

5. A circulación de vehículos de transporte dentro do recinto será regulada pola organización do respectivo mercado.

#### **Artigo 8º. Recepción e control sanitario do gando**

1. Só se admitirá a entrada e saída de animais debidamente identificados e documentados e sempre despois de seren inspeccionados polos servizos veterinarios oficiais habilitados para este fin.

Neste sentido, os propietarios, encargados, tratantes ou calquera outra persoa encargada do coidado ou custodia dos animais deberán facer entrega á entrada do recinto da documentación do gando. Esta documentación quedará en posesión da administración do mercado e dos servizos veterinarios competentes, aos que deberá solicitarse, de ser necesario, para o control e posterior inspección do gando.

Os animais trasladados sen a correspondente documentación, ou sen que esta poida considerarse válida, serán retidos polos servizos veterinarios oficiais e, se é o caso, illados como sospeitosos de padecer enfermidade infecto-contagiosa ou parasitaria, podendo saír do recinto unha vez sexa expedida a correspondente documentación e asegurado o estado de benestar dos animais.

2. Cando se advirta da presenza dun animal enfermo ou sospeitoso de o estar ou que non reúna as condicións de benestar animal para o transporte, xa sexa polo persoal do mercado ou polo seu dono ou responsábel do seu traslado, porase inmediatamente en coñecemento dos servizos veterinarios, que adoptarán as medidas provisionais de carácter cautelar que consideren necesarias se das actuacións de inspección ou control se deducise a existencia dun risco inmediato de aparición ou propagación dunha enfermidade epizootica, ou a existencia dun risco certo e grave para a saúde pública ou animal.

Os gastos ocasionados por este proceso de illamento e observación correrán por conta do propietario dos animais ou do seu responsábel no momento de se efectuar a inspección, aplicando as taxas correspondentes segundo o dispoña a normativa específica reguladora da prestación de servizos nos respectivos mercados de gando.

3. O gando que non reúna os requirimentos esixidos para a circulación e transporte, segundo o disposto na normativa en vigor, devolverse á súa procedencia logo do precintado do vehículo, illarse e inmovilizarse ou será sacrificado, segundo o caso e o que determine a normativa, a cargo do seu propietario ou encargado.

4. A dirección do mercado e os responsábeis sanitarios resérvanse a posibilidade de ditar ou aplicar calquera outra norma na marxe das descritas nos apartados 1, 2 e 3 deste artigo, sempre que se xustifique polo interese colectivo e en beneficio da sanidade do mercado.

5. Non se admitirá gando en tránsito sen a previa autorización sanitaria, é dicir, amparado por un certificado ou documento sanitario de traslado no que figure un destino distinto ao mercado de gandos ao que se pretenda acceder.

6.- As plataformas de descarga de animais son zonas exclusivas de paso, polo que se prohíbe a permanencia de persoas e animais nestes lugares.

### **Artigo 9º. Propiedade ou responsabilidade das reses**

Recoñecerase como propietario ou responsábel das reses concorrentes a aquela persoa a cuxo fora estendida a guía de orixe ou, en caso de ausencia desta, a quen figure como propietario no documento de identificación de bovinos, para o caso do gando vacún, ou nos documentos que estableceza, como identificadores do animal, a lexislación vixente para o resto das especies concorrentes ao mercado.

Os danos orixinados por animais no mercado de gando serán responsabilidade do seu propietario ou de quen se servise deles, aínda que se lles escapasen ou extraviasen, todo iso nos termos previstos no artigo 1905 do Código civil.

Os danos orixinados polos vehículos dos particulares no recinto dos mercados de gando correrán por conta dos propietarios ou condutores de acordo coa lexislación vixente.

Os propietarios ou encargados dos animais que se encontren nos mercados de gando a que se refire este regulamento son responsábeis da súa conduta, coidado e atención, debendo atendelos debidamente para evitar posíbeis danos a terceiros ou ás instalacións.

Se a administración titular do mercado tivese que responder subsidiariamente polos danos causados polos animais ou usuarios que se encontren no recinto feiral exercerá as accións pertinentes en vía administrativa ou xudicial, contra o responsábel principal, para ser debidamente reintegrada dos gastos ocasionados por este motivo.

A administración titular do mercado poderá prohibir o acceso ás instalacións a aqueles responsábeis que non se fixeran cargo dos gastos e indemnizacións que esta tivese que satisfacer polo concepto anteriormente indicado, sempre que a súa responsabilidade estea acreditada.

## **CAPÍTULO II**

### **DA ESTADÍA, ALIMENTACIÓN E EXPOSICIÓN DO GANDO**

#### **Artigo 10º. Estadía e exposición do gando**

1. O gando concorrente ao mercado de gando será descargado segundo a súa categoría e aptitude nos lugares designados para tal fin, sendo estes determinados pola dirección da instalación e estarán debidamente informados mediante carteis.

Unha vez descargado e tras ser sometidos á inspección e identificación veterinaria, o gando que entre no mercado ocupará o espazo habilitado para a súa estadía e exposición, quedando prohibido ocupar corredores e plataformas, salvo para o seu desprazamento de entrada e saída das naves, para o seu paso á zona de muxidura ou para realizar a descarga e a carga nos vehículos, quedando prohibido o transvasamento de animais entre espazos libres. Unha vez introducidos nos seus lugares só sairán con destino ao transporte correspondente.

2. Os usuarios deberán axustarse ás instrucións relativas ao manexo do gando que puntualmente puidese impartir o persoal de servizo do mercado, así como ás que figuren nos carteis existentes e, en todo caso, ás ditadas no regulamento interno de funcionamento dos respectivos mercados de gando, con independencia de cal sexa o seu modo de difusión.

3. O gando que, a xuízo dos servizos veterinarios, non reúna as condicións sanitarias esixidas ou careza da debida documentación que o identifique será depositado no lazareto do respectivo mercado ata que os veterinarios decidan o seu destino. Os devanditos servizos darán conta inmediata dos feitos á administración do mercado.

4. As reses non retiradas ao concluír o mercado serán trasladadas aos lazaretos do recinto, percibindo por día de permanencia a taxa establecida, se é o caso.

A retirada do animal ou animais abandonados tras a conclusión do mercado realizarase unha vez o propietario ou persoa designada por este acepte as condicións ou asine o seguinte documento, debendo achegar con el unha copia do seu documento de identidade:

O que subscribe, don/dona ...., maior de idade, con domicilio en ..., e documento de identidade núm. ..., en nome e representación propia

RECOÑECE

Que con esta data a dirección do Mercado Nacional de Gandos "... " lle fai entrega dun animal da especie..., identificado co crotal..., por reclamálo como da súa propiedade, e que

quedou abandonado nestas instalacións tras a celebración do mercado gandeiro do día .....

Ao asinar este documento,

ACEPTA

Toda a responsabilidade que correspondese ante os tribunais de xustiza en caso de aparecer outro presunto propietario e demostrarse de xeito fidedigno que a res era da súa propiedade, se ben, o/a abaixo asinante

DECLARA

Ter plena seguridade de que se trata da res que extraviou.

En ....., o ....., de .....de 200 .....

### **Artigo 11º. Do manexo do gando dentro do recinto**

Durante os mercados gandeiros, como norma xeral, as operacións de manexo do gando dentro do recinto serán responsabilidade dos seus propietarios ou encargados e deberán axustarse ás instrucións vixentes no recinto, sendo en calquera caso responsabilidade súa o correcto manexo do gando e o bo uso das instalacións.

Durante os concursos e exposicións de gando de carácter extraordinario, o manexo e alimentación das reses correrá por conta e risco dos seus propietarios e expositores, que deberán adoptar as medidas máis apropiadas para garantir a seguridade do seu gando.

### **Artigo 12º. Saída do gando**

1. Toda res que saia do recinto deberá ir amparada polo correspondente certificado ou documento sanitario de traslado expedido polos servizos veterinarios oficiais.

A obriga de solicitar a expedición da guía recaerá no propietario dos animais que van ser obxecto do traslado, ben persoalmente ou por medio dun representante legal ou persoa autorizada para este efecto ou, se é o caso, polo comprador se mediase operación comercial previa ao traslado.

2. O gando non vendido, para abandonar o recinto, deberá ir provisto da documentación de retorno legalmente establecida.

## **CAPÍTULO III**

### **INSPECCIÓN, INFORMACIÓN E ATENCIÓN SANITARIA**

#### **Artigo 13º. Servizos de inspección sanitaria**

1. A inspección sanitaria do mercado de gando será realizada polo equipo de veterinarios oficiais asignados para este efecto polo órgano correspondente, baixo a supervisión da dirección do mercado, de quen dependerán funcionalmente, mentres que, organicamente, estarán baixo a responsabilidade da comunidade autónoma sen prexuízo de que os veterinarios oficiais estean sometidos ás directrices da Administración local nos termos previstos no art.42.5 da Lei 14/86, do 25 de abril, xeral de sanidade.

2. A dirección do mercado poderá ordenar a atención clínica do gando en caso de urxencia, ou canto fose conveniente para garantir a hixiene e a saúde pública, así como o benestar dos animais. Os gastos ocasionados pola devandita atención clínica correrán a cargo do propietario do gando.

3. Corresponde aos servizos veterinarios oficiais a realización das funcións reguladas pola lexislación vixente en materia de sanidade animal, tendo a consideración de autoridade sanitaria na súa realización.

4. Sen prexuízo das demais actuacións que poidan realizar de acordo coa normativa aplicábel, os funcionarios que desenvolvan as funcións de inspección estarán autorizados para:

a) Acceder libremente, sen previa notificación, a todo establecemento, instalación, vehículo ou medio de transporte, ou lugar en xeral, directamente relacionados co seu cometido, coa finalidade de comprobar o grao de cumprimento da lexislación en materia de sanidade animal.

b) Tomar mostras dos animais co fin de efectuar ou propor as probas, exames clínicos ou de laboratorio que consideren pertinentes.

c) Examinar a identificación dos animais e a documentación correspondente á explotación ou ao transporte inspeccionados.

d) Incautar e, se é o caso, ordenar o sacrificio, daqueles animais sospeitosos que non cumpran coa normativa sanitaria ou de identificación vixente

e) Realizar calquera outra acción para o cumprimento da normativa vixente

#### **Artigo 14º. Misións da inspección sanitaria**

Os servizos veterinarios oficiais deberán inspeccionar, comprobar, vixiar, efectuar ou ordenar as seguintes operacións:

\* As condicións dos medios de transporte animal.

\* A realización correcta da desinfección dos ditos transportes.

\* O gando concorrente ao recinto dos mercados de gando

\* As condicións hixiénicas, tanto de aloxamento como alimentarias, se é o caso, das especies animais durante o seu aloxamento nos mercados.

\* A evacuación de residuos, tales como leite, esterco ou reses mortas.

\* A expedición das guías sanitarias de saída de gando.

#### **Artigo 15º. Información e atención sanitaria e clínica**

Os mercados de gando, co fin de ofrecer un bo servizo aos seus usuarios, facilitarán un servizo de información sanitaria e asegurarán a atención clínica do gando que o precise, por requirimento dos propietarios e ás súas expensas.

Este servizo correrá a cargo dun facultativo veterinario colexiado, que acudirá a instancias da dirección do respectivo mercado.



## **CAPÍTULO IV**

### **DO BENESTAR ANIMAL**

#### **Artigo 16º. Benestar animal**

Os mercados de gando deberán observar en materia de benestar animal a guía de boas practicas aprobada por ASEMGA para este fin.

Como resumo desta guía, figurará en lugar visíbel do recinto o seguinte texto:

- Non se admiten no mercado animais enfermos ou en mal estado sanitario.
- O gando debe situarse unicamente nos currais habilitados para a súa exposición e venda. Está prohibido amarralo en corredores e plataformas de carga e descarga.
- Cómpre amarrar o gando cunha lonxitude de corda que lle permita deitarse. En cada curral só debe introducirse un número de animais adecuado para evitar o seu amoreamento.
- Dentro de cada curral situaranse unicamente animais do mesmo sexo, especie e similar tamaño.
- A utilización do caxato resérvase para a conducción e orientación do gando, sen darlle golpes. Está prohibido o uso de caxatos acabados en punta ou en obxectos punzantes.
- Os animais que excepcionalmente vaian permanecer no mercado tras a finalización deste, deben ser colocados nos currais habilitados para este fin e provistos de forraxe e auga.
- Os animais destinados a un transporte de longa duración teñen que ser abeberados antes de abandonar o recinto
- Os casos de infracción grave en materia de benestar animal notificaranse ás autoridades competentes
- A guía de boas prácticas estará dispoñíbel nas oficinas dos mercados de gando pertencentes a ASEMGA.

## **CAPÍTULO V**

### **DA DESINFECCIÓN DE VEHÍCULOS**

#### **Artigo 17º. Obrigatoriedade**

Todo vehículo de transporte de gando que conorra ao mercado de gando deberá, ineludiblemente, ser desencamado, lavado e desinfectado logo da descarga dos animais, debendo acreditarse documentalmente por requirimento dos servizos veterinarios ou do persoal do mercado mediante a achega dos xustificantes oportunos.

#### **Artigo 18º. Normativa do servizo de desinfección**

1. O titular ou condutor de todo vehículo de transporte de gando conorrente ao mercado accederá con el, sen ningún gando a bordo, á estación de desinfección.

2. Contra a presentación do resgardo xustificativo do pagamento da correspondente taxa, procederase á limpeza e desinfección do vehículo, entregándolle ao seu responsábel unha certificación que acredite a limpeza e desinfección, na que figurará a data en que foi realizada e a matrícula do vehículo para a súa posterior verificación nos controis de saída.

3. Non se permitirá a saída do recinto do mercado de ningún transporte de gando que non acredite que foi desinfectado nas súas instalacións.

## **CAPITULO VI**

### **DA EVACUACIÓN DE RESIDUOS**

#### **Artigo 19º. Do leite procedente da muxidura**

Das condicións aplicábeis á produción e comercialización do leite cru, do establecido no Proxecto nacional de investigación de residuos nos animais e carnes frescas así como do que sinala a lexislación vixente, derívase que o produto obtido tras a muxidura de vacas e becerras, como proba fisiolóxica complementaria á compravenda de gando destinado á produción láctea, é un produto formado pola mestura de leite retido, costros e leite con posíbel presenza de inhibidores. Estas circunstancias impoñen a necesidade de retelo e desnaturalizalo, tomando as medidas necesarias co obxecto de evitar que pase á cadea alimentaria.

Así mesmo, é necesario adoptar as medidas para garantir que este residuo (considerado como non perigoso) sexa eliminado nas condicións e na forma que cumpran a lexislación vixente en materia de medio ambiente.

Polo exposto anteriormente, o citado produto será retido e entregado a unha empresa especializada para o seu transporte e posterior desnaturalización.

#### **Artigo 20º. Da cama, esterco, etc.**

A cama e o esterco, tanto o procedente da limpeza das plataformas e naves dos mercados de gando, como o do desencamado dos vehículos de transporte de gando que concorran, depositarase nun lugar adecuado para o seu posterior traslado a vertedoiro autorizado. Para reducir os malos olores e evitar, no posíbel, a proliferación de insectos, ratas, etc., procurarase non acumulalo en exceso e a retiralo periodicamente, mediante a concerto con xestores autorizados ou mediante o seu transporte, por conta propia, ao vertedoiro correspondente.

#### **Artigo 21º. Dos animais mortos**

En cumprimento da lexislación vixente pola que se establecen as normas sanitarias referentes aos animais das especies, ruminantes ou non ruminantes, que morran nos mercados de gando ou no traxecto cara a estes, está prohibido o seu enterramento.

Polo exposto anteriormente, os animais que morran nos mercados serán retirados por unha empresa especializada, autorizada para este efecto pola administración competente, con cargo ao propietario do animal, ao seguro agrario en caso de cobertura contratada polo propietario do animal, ou á Administración autonómica naqueles casos en que esta asuma os gastos producidos pola retirada dos animais.

Os propietarios ou encargados de animais que morran durante a celebración do mercado deberán de xeito inmediato poñer este feito en coñecemento dos servizos veterinarios, quedando totalmente prohibido abandonar animais mortos ou moribundos en calquera lugar diferente aos expresamente autorizados para este fin.

Para o debido control da eliminación a dirección do mercado disporá dun rexistro no que figure a data da morte do animal, a súa identificación, idade, sexo, raza e data de retirada, así como a identificación do propietario.

Este rexistro acompañarase do documento que, proporcionado pola empresa autorizada, certifique a retirada do animal.

### **Artigo 22º. Evacuación de residuos**

Os mercados deberán aprobar un proxecto de reciclaxe e evacuación de residuos, de acordo coa lexislación vixente.

Todos os usuarios estarán obrigados a cumprir as disposicións sobre hixiene e seguridade legalmente establecidas, así como as indicacións que a este respecto estableza a administración competente para garantir o seu cumprimento.

## **TÍTULO III**

### **DISPOSICIÓN RELATIVAS O GOBERNO, ADMINISTRACIÓN E RÉXIME ECONÓMICO DO MERCADO DE GANDO**

#### **CAPÍTULO I**

#### **ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN E ASESORAMENTO**

#### **Artigo 23º. Órganos de goberno e administración**

1.- O goberno e administración do mercado de gando será competencia da súa administración titular, que os xestionará de acordo coas normas que lles sexan aplicábeis.

2. Consonte o establecido na normativa de réxime interior que recolle as necesidades e funcionamento dos respectivos mercados de gando, á fronte de cada un deles haberá un director-xerente que será o cargo de superior autoridade no centro, auxiliado polo equipo de persoal técnico, administrativo, auxiliar e subalterno que se adscriba ao mercado.

3.- A dirección-xerencia será responsábel do funcionamento de todos os servizos e da xestión do establecemento e deberá propor ao órgano competente da institución titular do mercado de gando a adopción das medidas necesarias para a súa boa marcha.

#### **Artigo 24º. Xunta de prezos**

En cada mercado existirá xunta de prezos que estará composta de mesas de prezos sectoriais segundo demanda dos diferentes sectores interesados, integradas por compradores, vendedores, tratantes e comisionistas. A presidencia recaerá na dirección-xerencia do mercado de gando. O funcionamento da xunta estará suxeito a normas específicas ditadas para tal fin.

Os prezos, establecidos polas diferentes mesas da xunta de prezos, serán os que, como datos oficiais do mercado, figurarán nas súas publicacións e se facilitarán a entidades oficiais, medios de comunicación e sectores interesados.

#### **Artigo 25º. Réxime económico-administrativo**

1. Os usuarios do mercado deberán aboar, en concepto de prezos públicos, os gastos ocasionados pola prestación de servizos. Estas taxas ou prezos públicos serán fixados pola administración titular do mercado.

2. Será condición indispensable que todos os mercados de gando pertencentes á Asociación Española de Mercados de Gando (ASEMGA) apliquen prezos públicos polos servizos que presten nas súas instalacións.

3. Co fin de establecer pautas a seguir na cuestión recollida no punto inmediatamente anterior, ASEMGA propondrá unha táboa de prezos públicos, onde se establecerán prezos recomendados mínimos e máximos.

### **Artigo 26º. Dos locais existentes con destino diverso**

O recinto dos mercados de gando poderán dispor de locais e espazos abertos que poden ser destinados a actividades comerciais, de promoción, exposición e venda de materiais agrícolas e aveños para o gando ou calquera outra finalidade que se realice con ánimo de lucro, sendo posíbel a existencia de locais destinados a cafetería e restaurante. A utilización privativa de tales instalacións levarase a cabo consonte o procedemento previsto pola administración titular do mercado de gando.

## **CAPÍTULO II**

### **DA HIXIENE E SEGURIDADE DO PERSOAL E DAS INSTALACIÓNS**

#### **Artigo 27º. Dos operarios**

Os operarios do mercado de gando deberán:

a) Utilizar a roupa adecuada para a realización das tarefas que lles sexan encomendadas, procedendo á súa hixiene persoal, antes e despois do traballo, nas instalacións oportunas.

b) Estar debidamente identificados.

c) Facer bo uso tanto das instalacións como dos medios proporcionados para a realización da súa tarefa, pondo en coñecemento das súas superiores calquera anomalía que observasen ou sucedese durante o desenvolvemento da súa xornada.

d) Manter unha actitude correcta e dilixente para os usuarios do mercado, informándoos das súas normas de funcionamento.

#### **Artigo 28º. Da seguridade dos operarios**

Adoptaranse as medidas precisas, consonte a vixente Lei de prevención de riscos laborais, para evitar accidentes, especialmente naqueles labores que comporten un maior risco para a perda da integridade física dos operarios.

#### **Artigo 29º. Da limpeza e hixiene do mercado**

1. Esixirase o mellor estado posíbel de limpeza en todas as dependencias do mercado de gando e, para iso:

a) Procederáse á limpeza e, se é o caso, desinfección de aparcadoiros, plataformas, naves e calquera instalacións, tras a celebración de cada mercado.

b) Procurarase manter en perfecto estado de utilización e limpeza os aseos hixiánicos.

c) Evitarase a presenza de cans e gatos durante a permanencia do gando.

d) Periodicamente someteranse todas as instalacións do Mercado a desinfección, desinsectación e desratización. Estas limpeza periódicas deberán formar parte dun proxecto anual, exposto nas instalacións do mercado.

2. Todos os usuarios estarán obrigados a cumprir as disposicións sobre hixiene e seguridade legalmente establecidas, así como as indicacións da administración do mercado.

## **CAPÍTULO III**

### **DEREITOS E DEBERES DOS USUARIOS DOS MERCADO DE GANDO**

#### **Artigo 30º. Usuarios**

Considéranse como usuarios do mercado de gando:

1. As persoas que interveñen na compravenda de gando:

A) Os propietarios vendedores do gando concorrente, tanto individualmente como nas súas agrupacións naturais ou xurídicas (asociacións gandeiras, cooperativas, empresas, grupos sindicais, etc.)

B) Os compradores, así mesmo individuais e colectivos (asociacións de consumidores, cooperativas do campo, empresas de matadoiros e frigoríficos, etc.)

C) Os tratantes e os operadores comerciais que mercan ou venden por conta propia ou allea, que deberán estar rexistrados como tales ante o organismo competente e identificarse como profesionais ante a dirección do mercado ou de quen teña esta función delegada.

D) Os corredores, que efectúan a compravenda por conta allea, actuando como intermediarios entre comprador e vendedor e percibindo por iso unha comisión nas operacións realizadas.

2. Os transportistas, titulares e condutores dos vehículos de transporte de gando e outras mercadorías afíns á gandería, concorrentes ao mercado.

3. Os adxudicatarios de locais ocupados no recinto (bancos, cafeterías-restaurantes, cámaras agrarias, comercios de material agropecuario, núcleos de control leiteiro, sindicatos gandeiros, etc.) e cantas empresas ou particulares concorren para a exposición e venda de forraxe, palla, maquinaria agrícola-gandeira, etc., durante os mercados e feiras gandeiras.

4. Os visitantes en xeral. Para este efecto enténdese por visitante as persoas físicas que, non encontrándose incluídas en ningunha dos colectivos anteriormente indicados, e xa sexa de forma individual ou integradas en colectivos, accedan ás dependencias do recinto coa finalidade exclusiva de coñecer o funcionamento do mercado ou de asistir, sen intervir nelas, ás operacións que neste se realizan.

5. As empresas, gandeiros e particulares que asistan aos certames ou exposicións que se organicen, con carácter extraordinario, no recinto do mercado de gando.

#### **Artigo 31º. Dereitos dos usuarios**

Son dereitos dos usuarios:

A) Facer uso das instalacións e servizos do mercado, sempre que exista espazo, de acordo coa súa finalidade e destino propios e consonte o regulado nestas normas.

B) Recibir todo tipo de información referente a horarios, servizos, tendencia dos mercados e cotizacións, directorio de responsábeis, etc.

C) Recibir un documento acreditativo dos servizos utilizados e dos prezos percibidos.

D) Estar a cuberto de danos causados nas instalacións propias do mercado de gando, mediante póliza de seguro de responsabilidade civil subscrita pola administración titular do mercado.

E) Formular por escrito ante a dirección do centro as reclamacións que consideren oportunas.

F) Utilizar os servizos adicionais, establecidos ou por establecer no recinto: bancos, caixa de urxencias sanitarias, cafeterías-restaurantes, comercios, sindicatos, etc.

G) Dispor no recinto, dentro dos días e horas da celebración de mercados, dunha caixa de urxencias de primeiros auxilios.

### **Artigo 32º. Da seguridade dos usuarios**

Os particulares terán dereito a ser indemnizados polas administracións públicas correspondentes de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo en casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

Para este fin e para cumprir calquera responsabilidade civil, a administración titular de cada un dos mercados de gando de ASEMGA deberán concertar un seguro de responsabilidade civil ao abeiro da Lei 50/80, do 8 de outubro, do contrato do seguro.

### **Artigo 33º. Deberes dos usuarios**

Son deberes dos usuarios:

A) Cumprir as normas establecidas neste regulamento, así como aquelas outras que puidese ditar a dirección-xerencia do mercado ante situacións imprevistas, xa que a introdución de gando no mercado supón a aceptación, por parte do propietario, de todas as normas existentes nel.

B) Facer bo uso das instalacións, evitando o seu deterioro ou dano, negligente ou intencionado.

C) Non interromper ou entorpecer as operacións comerciais que se desenvolvan no mercado

D) Aboar as taxas correspondentes aos servizos utilizados.

E) Serán responsábeis de calquera dano que se produza como consecuencia dun mal ou negligente manexo dos animais en operacións de carga, descarga, movementos no recinto, amarre, desamarre, etc., encóntrense ou non presentes xunto ao animal.

F) En particular, os propietarios de reses perigosas deberán observar con especial dilixencia as obrigas de coidado e actuación dos animais, evitando desprazamentos innecesarios polas instalacións do mercado e estando obrigados a permanecer en todo momento xunto a eles para controlar a súa conduta e evitar danos a terceiros.

En todo caso, o mercado poderá reservarse o dereito de admisión deste tipo de animais.

G) Respetar os horarios de apertura e peche dos mercados.

H) Respetar a guía de boas prácticas no que se refire aos coidados dos animais e á protección sanitaria.

I) Manter unha actitude de respecto cara ao persoal do mercado de gando.

J) Presentar, cando sexa requirida polo persoal do mercado, a documentación referente ao gando ou á propia condición da persoa (operadores comerciais, usuarios profesionais do sector, etc.)

K) Realizar as operacións de transacción de animais no horario e lugar establecido para iso pola dirección do mercado.

L) Será responsabilidade de toda persoa que realice calquera tipo de actividade nas instalacións estar ao corrente no cumprimento da lexislación vixente en materia de seguridade social, coa axencia tributaria e en cantas disposicións lle sexan aplicábeis no exercicio da súa actividade.

En cumprimento do precedente, queda prohibido expresamente no mercado de gando:

a) Realizar estas operacións fóra do horario habilitado e en calquera lugar do mercado que non sexa a nave principal.

b) A estadía de compradores ou vendedores nas plataformas de carga, descarga e naves de comercio en horarios diferentes aos permitidos para a comercialización

c) O uso de tesoiras ou calquera outro sistema de marcado de animais antes do horario de comercialización.

d) A presenza de persoas ou animais naqueles lugares que non estean expresamente destinados a eles.

### **Artigo 34º. Deberes dos visitantes**

1. Os mercados de gando poderán ser visitados tanto de xeito individual como por grupos e colectivos.

2. As visitas colectivas organizadas que se realicen ao mercado de gando deberán cumprir as seguintes prescricións:

Primeiro. Para efectuar unha visita colectiva organizada ao recinto feiral será preceptivo presentar unha solicitude de autorización subscrita polo responsábel do grupo, por medio que deixe constancia fidedigna da súa recepción. Na solicitude indicárase o documento de identidade do responsábel e un domicilio para os efectos de notificación. Cando o grupo estea integrado por menores, deberá indicarse o número de coidadores que os van acompañar.

Segundo. As solicitudes deberán ser informadas polo director-xerente do mercado de gando, aplicándolles o disposto nos artigos 70 e 71 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, en canto ao contido da solicitude de iniciación do procedemento e o arranxo e mellora da solicitude.

Terceiro. A denegación da solicitude deberá estar debidamente motivada, especialmente cando do contido da petición non se deduza que se garante a seguridade do grupo de visitantes. En calquera caso, entenderase a solicitude concedida por silencio se non se emitise ningún informe en contra no prazo que cada mercado estableza .

Cuarto. En caso de que a visita fose guiada por persoal do mercado de gando non poderá iniciarse sen a presenza do dito persoal.

Quinto. A visita realizácese, única e exclusivamente, á zona que se estableza, quedando totalmente prohibido saír dela.

Sexto. Durante a visita, atenderanse as indicacións do persoal adscrito ao mercado e as sinalizacións do recinto.

Sétimo. Cando se realice unha visita con menores, estes deberán ir obrigatoriamente acompañados polos cuidadores previamente asignados.

Queda totalmente prohibido que os menores que precisen cuidador deambulen sós polas instalacións, debendo ir sempre en grupo compacto e collidos da man, co fin de evitar a dispersión.

2. As visitas a título individual que se realicen aos respectivos mercados de gando, deberán cumprir as seguintes prescricións:

Os visitantes deberán observar todas as medidas de seguridade establecidas no recinto, así como a normativa prevista no regulamento de réxime interno específico de cada mercado, non responsabilizándose o mercado ou o seu titular daquelas actuacións que poidan producirse por inobservancia destas normas.

Tanto as visitas colectivas como as individuais unicamente poderán discorrer polos lugares sinalados en cor verde, especificados como áreas "destinadas exclusivamente a visitas non profesionais do sector".

## **CAPÍTULO VI**

### **DISPOSICIÓN DE RÉXIME SANCIONADOR**

#### **Artigo 35º. Das infraccións e da súa cualificación**

As infraccións en materia de sanidade animal serán obxecto das sancións administrativas que correspondan logo da instrución do oportuno expediente sancionador, sen prexuízo das responsabilidades civís ou doutra orde que poidan concorrer e de acordo á normativa vixente, en particular da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, da normativa autonómica de aplicación e das demais disposicións complementarias.

Con independencia do disposto no parágrafo anterior -e para a adecuada ordenación das relacións de convivencia e do uso dos servizos, equipamentos, infraestruturas, instalacións e espazos públicos situados no mercado- terán a consideración de infraccións administrativas, para os efectos deste regulamento, as accións ou omisións que se describen a seguir, que serán clasificadas como se indica.

A) Serán MOI GRAVES as infraccións seguintes:

1. O impedimento do uso dos servizos públicos que se presten no mercado de gando por outra ou outras persoas con dereito á súa utilización.



2. O impedimento ou a grave e relevante obstrución do normal funcionamento dos servizos públicos que se presten no mercado de gando.

3. O impedimento do uso dun espazo público por outra ou outras persoas con dereito á súa utilización.

4. Os actos de deterioro grave e relevante de espazos públicos existentes no mercado de gando ou de calquera dos seus equipamentos, infraestruturas, instalacións ou elementos, sexan móbeis ou inmóbeis, non derivados de alteracións da seguridade cidadá.

5. A falta de colaboración ou o impedimento ás autoridades sanitarias.

6. A omisión ou negativa da entrega, ás autoridades sanitarias ou ao persoal de servizo do mercado, dos datos e documentación obrigatoria.

B) Serán GRAVES as seguintes infraccións:

1. As condutas que impliquen ofensa ou malos tratos a persoas ou bens, no mercado de gando ou con ocasión das súas actividades.

2. Causar danos menos graves ás instalacións, material e demais bens do mercado, así como ao gando, transportes e demais bens dos usuarios.

3. A alteración da orde ou a perturbación do normal funcionamento do servizo por embriaguez, leas ou outros altercados.

4. A violación de preceptos e regulamentos, ordes particulares ou instrucións xerais ditadas, e feitas públicas ou notificadas para mellor o funcionamento interior do mercado.

5. A realización de calquera clase de transacción en lugares que incumpran a normativa sanitaria vixente.

6. O incumprimento ao disposto no artigo 8 deste regulamento, respecto da obrigatoriedade de que os animais contén coa documentación necesaria.

7. A exhibición de obxectos perigosos para a integridade física das persoas con ánimo de intimidación.

8. A reincidencia en dúas ou máis faltas leves.

C) Serán LEVES as seguintes infraccións:

1. A omisión ou negativa a entregar ás autoridades sanitarias ou ao persoal de servizo do mercado dos datos e documentación obrigatoria .

2. As irregularidades no cumprimento dos trámites de rexistro ou no documentos esixidos legalmente para a entrada, saída e realización de actividades no mercado.

3. As ofensas de palabra ou mediante feitos a persoas e os malos tratos aos animais.

4. A desobediencia ás indicacións da autoridade, dos axentes de orde pública e, en xeral, de todo o persoal de servizo do mercado de gando, relativas ao normal funcionamento das actividades dentro do recinto, cando as desobediencias non revistan transcendencia penal.

Para a gradación das faltas en GRAVES e LEVES tomaranse como referencia os seguintes criterios:

1. A intensidade da perturbación ocasionada na tranquilidade ou no pacífico exercicio dos dereitos doutras persoas ou actividades.

2. A intensidade da perturbación causada á salubridade ou ao ornato públicos.

3. A intensidade da perturbación ocasionada no uso dun servizo ou dun espazo público do mercado de gando por parte das persoas con dereito a utilizalos.

4. A intensidade da perturbación ocasionada no normal funcionamento dos servizos públicos prestados no mercado de gando.

5. A intensidade dos danos ocasionados aos equipamentos, infraestruturas, instalacións ou elementos dun servizo ou dun espazo público do mercado de gando.

### **Artigo 36º. Da responsabilidade**

Serán suxeitos responsábeis das correspondentes infraccións as persoas físicas ou xurídicas que incorran nelas, aínda a título de simple inobservancia.

As responsabilidades administrativas que se deriven do procedemento sancionador serán compatíbeis coa esixencia ao infractor da reposición da situación alterada ao seu estado orixinario, así como coa indemnización polos danos e perdas causados.

Cando o cumprimento das disposicións contidas neste regulamento corresponda a varias persoas conxuntamente, responderán de forma solidaria das infraccións que, se é o caso, cometeran e das sancións que se impoñan.

### **Artigo 37º. Sancións**

1. Sen prexuízo das competencias que en materias de sancións teña atribuída a Comunidade Autónoma de Galicia ou outras administracións de superior competencia, o titular do mercado, de oficio, a instancias da Comunidade Autónoma, da dirección do mercado, da Policía Municipal ou Nacional, da Garda Civil ou por denuncia de particulares, poderá prohibir temporalmente o acceso de determinados usuarios ao recinto feiral cando estes infrinxiran a normativa vixente sobre sanidade animal ou cando a súa conduta repercutise no normal desenvolvemento da celebración do mercado, orixinando rifas, desobediencias ou causando danos.

A limitación de acceso ao recinto feiral, salvo que se fose imposta por sanción por incumprimento da normativa sobre sanidade animal, requirirá a apertura de expediente sancionador.

As prohibicións de acceso que impoña o titular do mercado non poderán superar, en ningún caso, os seis meses desde a notificación da resolución.

2. Para a imposición das sancións polas infraccións previstas neste regulamento, sen prexuízo das que procedan cando os feitos se encontren tipificados noutras disposicións legais, gardarase a debida adecuación entre a gravidade do feito constitutivo da infracción e a sanción aplicada, de acordo aos seguintes criterios:

- A existencia de intencionalidade ou reiteración.

- A natureza dos prexuízos causados.

- A reincidencia, por comisión no prazo dun ano de máis dunha infracción da mesma natureza cando declarada por resolución firme.

2. As infraccións previstas no artigo 36 serán sancionadas de acordo á seguinte gradación:

a) As infraccións moi graves poderán ser sancionadas con multas de ata 3.000 euros.

b) As infraccións graves poderán ser sancionadas con multas de ata 1.500 euros.

c) As infraccións leves poderán ser sancionadas con multas de ata 750 euros.

3. Con independencia da imposición de sancións de contido económico, poderase impor, en concorrencia con estas, a de apercibimento polas faltas leves, e a retirada da autorización de acceso ao recinto do mercado, por prazo non superior a seis meses para as faltas graves e ata un ano polas moi graves.

Para a imposición da sanción, o órgano competente deberá valorar previamente:

A) Intencionalidade.

B) Perturbación do servizo.

C) Atentado á dignidade do titular do mercado, aos seus funcionarios, axentes ou público en xeral.

4. Sen prexuízo das competencias que en materia de sancións ten atribuída a Comunidade Autónoma ou o titular do mercado, de oficio ou a instancia de informes da dirección-xerencia do mercado, da Policía Municipal ou Nacional ou dunha denuncia dos particulares, poderá prohibir temporalmente o acceso de determinados usuarios ao recinto feiral cando estes infrinxiran os preceptos contidos neste regulamento, en particular o relativo ao coidado e atención permanente aos animais, así como na normativa vixente sobre sanidade animal ou cando a súa conduta repercutise no normal desenvolvemento da celebración do mercado orixinando rifas ou pendencias, ademais dos casos de infraccións e responsabilidades.

### **Artigo 38º. Procedemento sancionador**

1. Non poderá imporse sanción ningunha polas infraccións tipificadas neste regulamento senón en virtude dun procedemento instruído para este efecto, de acordo cos principios de acceso permanente de audiencia ao interesado.

2. O procedemento sancionador rexerese polo disposto no título XI da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

### **Artigo 39º. Concorrencia de sancións**

1- O órgano competente resolverá a non esixibilidade de responsabilidade administrativa en calquera momento da instrución dos procedementos sancionadores en que quede acreditado que recaeu sanción penal ou administrativa sobre os mesmos feitos, sempre que concorran, ademais, identidade de suxeito, feito e fundamento.

2. No suposto de que os órganos competentes consideren que a infracción pode ser constitutiva de delito ou falta, comunicaranos ao Ministerio Fiscal. De se iniciar un proceso penal sobre os mesmos feitos, suspenderase o procedemento sancionador ata que recaia resolución xudicial.

3. O procedemento administrativo poderá continuar ou reiniciarse cando o proceso en vía penal acabe con sentenza absolutoria ou con outra resolución que lle poña fin sen declaración de responsabilidade penal, sempre que esta non estea fundamentada na inexistencia do feito.

#### **Artigo 40º. Da prescrición de infraccións e sancións**

1. A acción para sancionar as infraccións moi graves prescribirá no prazo de tres anos, as graves no prazo de dous anos e as leves no prazo de seis meses contados a partir do día en que se cometeron os feitos.

2. O prazo de prescrición das sancións moi graves será de tres anos, das graves de dous anos e das leves dun ano, a contar desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución que as impoña.

3. O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse desde o día en que a infracción se cometese. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, reiniciándose o prazo de prescrición se o expediente sancionador estivese paralizado máis dun mes por causa non imputábel ao presunto responsábel.

4. O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución que as impoña. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, volvendo transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputábel ao infractor.

#### **Artigo 41º. Do órgano competente para sancionar**

1. O procedemento sancionador establecerá a debida separación entre as fases de instrución e resolución, sen que poidan encomendarse ao mesmo órgano ambas as dúas fases.

O órgano competente para a resolución dos procedementos sancionadores por infracción contra este regulamento é o Alcalde. Estas competencias poderán ser exercidas polas autoridades anteriormente citadas ou polo órgano legal sancionador a quen poida corresponder.

2. O procedemento sancionador rexerese polo disposto nos artigos 11 ao 22, ambos os dous inclusive, do Real decreto 1398/93, do 4 de agosto (BOE 09.08.93).

#### **DISPOSICIÓN FINAIS**

1. Calquera asunto non previsto neste regulamento estará suxeito á normativa vixente que resulte de aplicación -en particular á relativa a sanidade animal e réxime local-, cuxas normas prevalecerán en caso de conflito coas disposicións contidas nel.

2. No non previsto na lexislación do Estado e na da comunidade autónoma correspondente en materia de ordenación da oferta, produción animal, sanidade animal e feiras interiores, estarase ao disposto neste regulamento, respectando, en calquera caso, a normativa ditada pola Unión Europea nesta materia.

3. Co fin de homoxeneizar no posíbel as clasificacións e tipificacións do gando ou outros produtos, segundo corresponda, as normas de funcionamento da xunta de prezos, serán propostas pola ASEMGA aos concellos ou órganos competentes no caso de mercados pertencentes a administracións distintas das administracións locais.

#### **DISPOSICION DEROGATORIA**

Derógase ecxpresamente o Regulamento Municipal do Mercado Nacional de Gando de Santiago de Compostela publicado no Boletín Oficial da Provincia o 18 de maio de 1995.

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2006

O ALCALDE

Asdo.: José Antonio Sánchez Bugallo